



# FESTA CORSARIA / MARÍN 2017

---

## *Normas para Hostalaría*

Os establecementos de hostalaría situados na zona da Festa Corsaria que desexen facer uso do espazo público os días 18 e 19 de agosto deberán presentar cuberta a solicitude e cumprir as normas que se detallan a continuación:

\* Entregar por rexistro a solicitude cuberta antes do día 11 de Agosto de 2017, ás 14:00h, acompañado da seguinte documentación:

- ❖ Copia do DNI da persoa representante.
- ❖ Croquis, fotografías, ... que amosen as dimensións do espazo solicitado, o seu emprazamento e a estética que se lle quere dar para a festa corsaria – materiais a utilizar, vestimenta, etc.

\* Aceptar os seguintes requisitos:

- ❖ As mesas autorizadas deberán ter nun lugar visible o número de identificación facilitado polo concello.
- ❖ O responsable da solicitude deberá adaptarse ao espazo asignado.
- ❖ Todos os carteis, e material deseñado para esta festa deberá estar redactado en galego e adaptados á época.
- ❖ Todas as persoas que atendan o local vestirán traxes adecuados á época histórica da festa.
- ❖ A música e a animación deberán ter unha temática corsaria.
- ❖ Os locais deberán ter unha ambientación acordes coa festa, tanto no interior coma no exterior.
- ❖ Usarase depósitos para lixo acordes coa ambientación da festa (sacos, cestos...) e cada local farase responsable do seu baleirado nos colectores municipais, así como tomarán as medidas necesarias para non deixar ao finalizar a festa, restos de materiais, lixo, nin manchas de graxa, aceite ou similares no lugar público que ocuparon.
- ❖ A montaxe será realizada antes das 18:00h do venres 18 de agosto e/ou antes das 10:00h do sábado 19 de agosto.



CONCELLO  
DE MARÍN





# FESTA CORSARIA / MARÍN 2017

---

## *Lumes e grellas*

- \* Os establecementos que desexen facer lume, deberán facelo constar na solicitude.
- \* O lume farase no espazo que asigne o CONCELLO en cada caso.
- \* **ESTA PROHIBIDO FACER LUME BAIXO toldos, instalacións eléctricas ou calquera elemento susceptible de arder.**
- \* O espazo no que se faga o lume, ten que ter as medidas suficientes para impedir calquera acceso a este, de toda persoa allea ao cociñado.
- \* O lume ten que estar correctamente illado en 3 das 4 caras do mesmo, de xeito que a parte exterior impida queimaduras a terceiras persoas.
- \* As mesas terán no espazo delimitado para o lume un extintor 6 Kg eficacia 21 A-113B ou dous de 3 KG.
- \* A zona arredor do lume deberá de estar protexido con area ou calquera outro material que o protexa de cinzas, graxas, aceites,.....co fin de protexer o chan e que permaneza limpo.
- \* Os responsables de cada solicitude deberán encargarse de manter a zoa utilizada en perfecto estado de uso e limpeza,tanto durante as mesmas, coma unha vez recollidas as instalacións.
- \* En todo caso, o domingo día 20 de agosto, ás 10:00h, o espazo asignado deberá estar despexado de todo o material utilizado na festa, e limpo e baldeado, deixando nas mesmas condicións que antes dos eventos.



CONCELLO  
DE MARÍN

